

VAGALUME

Folla voandeira

ÓRGANO OFICIAL DA ASOCIACIÓN GALEGA CORREDOR DO HENARES

Nº 20 - MAIO 2023




*Día das Letras Galegas, dedicado a
Francisco Fernández del Riego*

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'UdelR', with a long horizontal stroke extending to the right.

Asociación Galega Corredor do Henares
Campo Real, 1, Bajo. 28806 Alcalá de Henares (Madrid). Teléfono: 670 588 667

Web: <http://galiciahenares.com>

Correo: galiciahenares@hotmail.com



"Aspiramos a crear unha vida universitaria auténticamente galega. Desexamos que se estuden os problemas xerais tendo en conta que os que estudan son galegos. En resumo, a nosa loita constante e ininterrompida no futuro debe ser tender sempre á conquista para a Galeguización da Universidade"

Francisco Fernández del Riego

SUMARIO

<i>A Xunta Directiva saúda-vos</i>	3
<i>Saúda da Xunta de Galicia</i>	4
<i>Saluda de la Alcaldía de Alcalá de Henares</i>	5
Letras Galegas 2023: Francisco Fernández del Riego	6
Biografía	6
Obra literaria	12
Serafín Marcos será Francisco Fernández del Riego	14
Artigos de Socios e Amigos	16
De Complutum a Santiago. Historia do Camiño de Santiago Complutense	16
Lembranza da Infancia (poema)	18
Obradoiro de cociña	19
- O obradoiro	19
- Sobre Damián Rey	20
- Receitas	21
Obituario	22
De maio a maio	24

A Xunta Directiva respeita o formato dos escritos das persoas que nos axudaran con as súas colaboracións. No caso de requirir tradución, utilizouse o tradutor Gaio da Xunta de Galicia (tradutorgaio.xunta.gal).



A Xunta Directiva saúda-vos

Queridos socios, outro ano mais atopámonos ás portas da nosa semana máis festiva e importante: a Semana das Letras Galegas. Durante esta semana, gozaremos xuntos da música, que o noso grupo Vagalume ofrece en tódolos seus aspectos, e tamén de interesantes palestras que enriquecen a nosa mente, sen esquecer a diversión e a convivencia da celebración da tradicional romaría nos arredores da Ermida do Val.

Por outro lado, queremos salientar que este número da nosa revista, que trata de homenaxear a intelectuais galegos en pro da nosa cultura e lingua, sae á luz despois de cinco anos nos que non foi posible a súa publicación.

Nós, como Directiva estreada fai pouco mais dun ano, esperamos que teñades gozado do que fixemos ata agora e que sigamos crescendo como Asociación e ofertando diferentes tipos de actividades das que todos poidamos participar.

Non queremos perde-la oportunidade de agradecer a tódolos sócios a confianza depositada en nós para desempeñar esta tarefa, na que a nosa maior recompensa e ver-vos gozar dos momentos que compartimos.

Unha aperta afectuosa.

Queridos socios, otro año más estamos a las puertas de nuestra semana más festiva e importante: la “Semana das Letras Galegas”. Durante esta semana, disfrutaremos juntos de la música, que nuestro grupo Vagalume nos ofrece en todas sus vertientes, y también, de interesantes conferencias que enriquecen nuestra mente, sin olvidar la diversión y convivencia que nos proporciona la celebración de la tradicional romería en las inmediaciones de la Ermita del Val.

Nos gustaría añadir que este número viene después de haber estado cinco años sin salir a la luz esta revista que intenta homenajear a intelectuales gallegos a favor de nuestra cultura y lengua.

Nosotros, como directiva que se estrenó hace poco más de un año, esperamos que hayáis disfrutado de lo que os hemos ofrecido hasta ahora y que sirva para que, juntos, sigamos creciendo y pudiendo ofrecer diferentes tipos de actividades para que todos podamos participar de ellas.

No queríamos dejar pasar la oportunidad de agradecer la confianza depositada en nosotros para llevar adelante esta tarea, en la que nuestra mayor recompensa es verlos disfrutando de los momentos que compartimos.

Un saludo afectuoso.

A Xunta Directiva



Saúda da Xunta de Galicia

En primeiro lugar, gustaríame agradecer á Asociación Galega Corredor do Henares por permitirme achegar unhas verbas polo Día das Letras Galegas na súa revista Vagalume, xa que para nós, os galegos, este é o día grande da nosa cultura.

Somos conscientes de que desde este centro trabállase arreo para á preservación e difusión da nosa cultura e tradicións, accións que sumadas ao traballo do resto de entidades galegas de emigrantes nesta comunidade fan xusta esa consideración popular de que en Madrid non hai galegos, hai madrigalegos, persoas que nunca esquecen a súa terra pero que saben dala a coñecer e vivila aquí, na capital de España.

Quero facer agora mención da figura que este ano homenaxeamos neste Día, Francisco Fernández del Riego. Como el mesmo dixo, os galegos “queimamos a vida en defender a cultura do país”, esteamos onde esteamos, xa sexa en Alcalá de Henares, en Ourense ou en Caracas.

Un home da entidade de Fernández del Riego da sentido ao traballo en prol de Galicia: ensaísta, narrador e editor, pero sobre todas as cousas: galego e amante da nosa lingua e da nosa cultura.

Non só foi membro do Seminario de Estudos Galegos, tamén foi amigo de Castelao, de Bóveda e de outros persoeiros insignes dunha época na que, xuntos, elaboraron o Estatuto de Autonomía. Nunca deixou de traballar pola nosa cultura, tanto dende a colaboración en diversas revistas como dende a radio ou dende a elaboración de ensaios sobre a historia e a poesía da nosa terra. Tal é así, que nos anos 50 puxo en marcha un dos proxectos editoriais máis importantes de Galicia: a editorial Galaxia, grazas a cal puidéronse dar a coñecer as nosas figuras máis importantes. Tan intenso foi o seu traballo, que en 1960 ingresou como membro da Real Academia Galega.

Pero precisamente Francisco Fernández del Riego tivo a mellor das ideas para que a nosa lingua foxe levada ao máximo recoñecemento oficial: dedicarlle un día moi especial, o mesmo no que Rosalía de Castro levou a imprenta Cantares Gallegos.

Agora tócalle a el mesmo selo centro de atención nesta data. E a nós honralo como se merece, dándolle o valor que ten a súa obra e tamén a súa figura, sen a cal, non poderíamos celebrar o Día das Letras Galegas.

A nosa maior satisfacción sería poder contar con vós para que cada día sexa 17 de maio; para que a nosa lingua sexa coidada e potenciada entre a nosa colectividade, dentro e fora de Galicia.

É unha honra para nós saber que escoitades o noso rogo e que sentides o galego e a Galicia no corazón. Mil grazas por tanto amor a terra e por tanto cariño a nosa lingua.

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario Xeral de Emigración

Saluda de la Alcaldía de Alcalá de Henares



Es un honor dirigirme a todas las personas que formáis parte de la Asociación Galega Corredor do Henares con motivo del Día de las Letras Gallegas y poder trasladaros las gracias en nombre de toda la ciudad. Gracias por ser un ejemplo de amor y respeto a vuestra tierra de origen, Galicia, a la que mostráis a diario vuestro apego y unión con actividades que, superando la "morriña" que se siente al estar lejos de la tierra natal, nos acercan a todos los complutenses a vuestras tradiciones, sensaciones y sentimientos por esa maravillosa tierra que es Galicia.

La "Semana das Letras Galegas" es la última muestra de vuestro compromiso, el último ejemplo de vuestro gran trabajo e implicación ya de décadas en nuestra ciudad. Por ello, como alcalde de Alcalá de Henares, no puedo más que daros las gracias en nombre de toda la ciudad, así como todo nuestro apoyo y cariño para seguir disfrutando juntos de vuestros actos y eventos con un elemento en común: el vínculo y el cariño que une Galicia y Alcalá de Henares.

Javier Rodríguez Palacios
Alcalde de Alcalá de Henares



Presentación del Ciclo de Conferencias del Camino de Santiago Complutense en Fitur (Madrid, 19 de enero de 2023).

Francisco Fernández del Riego

Biografía

En Vilanova de Lourenzá nace Francisco Fernández del Riego, o 7 de xaneiro de 1913, primeiro fillo dunha extensa familia. O seu pai, Vicente Fernández, fora emigrante en Cuba e a súa nai, malia o que o propio autor afirmaba, non contaba con devanceiros asturianos. Este achado débese ao seu biógrafo Manuel Román que testemuña como o que se produce é unha deturpación do seu apelido, pois un antepasado seu nace sendo Manuel do Rego e morre, confirmando o proceso de castellanización, como Manuel Del Riego. Os avós maternos, Xesús e Dominica, eran propietarios de terras e casaríos na comarca e rexentaban un negocio de tecidos no baixo da casa en que vivían.

A súa infancia transcorreu coma a dun neno máis daqueles tempos, malia que presenciar un atentado que sufriu o seu pai o 17 de setembro de 1918 o deixara marcado. Este tentou defender un amigo da familia, Xoaquín Lozano, obxecto dun ataque como líder do movemento agrarista, e un disparo perforoulle os pulmóns, aínda que logrou restablecerse.

Xa de neno, Del Riego era moi afeccionado á lectura, debuzándose nos contos da editorial de José María Calleja e outros autores como os irmáns Grimm, Swift, Twain, Salgari ou Jules Verne.

Estuda nunha escola unitaria de Vilanova e prepárase cos frades do mosteiro laurentino para examinarse, por libre, no Instituto de Segundo Ensino de Lugo. Superadas as probas do bacharelato elemental, no curso 1927-1928 ingresa no Colexio dos Escolapios en Monforte de Lemos, onde se forma durante tres anos e

realiza os seus primeiros traballos literarios, que ven a luz na revista escolar *Páginas Calasancias*, acadando algúns galardóns. Pouco despois, asina traballos no semanario mindoniense *Vallibria*, dirixido por Xosé Trapero Pardo.

Tralo bacharelato, aproba a reválida na Universidade de Santiago de Compostela e no curso 1930-1931 inicia unha nova etapa na Universidade Central de Madrid, onde frequenta bibliotecas, teatros, faladoiros e outros espazos formativos e de lecer. Participa nas asembleas organizadas pola Federación Universitaria Escolar (FUE) e convértese nun activo defensor dos dereitos do estudantado, sumando o seu apoio aos presos políticos e participando en diferentes manifestacións. Tamén comeza a militar na causa do galeguismo, tra-la lectura de Rosalía, Curros, Antón Villar Ponte e, sobre todo, pola influencia que exerceu nel a Teoría do nacionalismo galego de Vicente Risco.

Rematado o curso, e con só dezaoito anos, xunto cun amigo redacta, imprime e distribúe un manifesto o 25 de xullo, pendura a bandeira galega na fachada do concello de Lourenzá e pronuncia un discurso desde o balcón do edificio para concluír co canto do himno galego.

Trasládase con toda a súa familia a Santiago de Compostela, onde residirá nunha vivenda da rúa da Virxe da Cerca, e prosigue os estudos de Dereito e se introduce no ambiente político e intelectual do nacionalismo, da man de Lois Tobío. Frequenta a sede do Seminario de Estudos Galegos en Fonseca e coñece a

numerosos persoeiros comprometidos con Galicia, como Ricardo Carvalho Calero, Sebastián García-Paz, Antonio Fraguas, Xurxo e Xocas Lourenzo ou Ánxel Casal, propietario da editorial Nós, lugar onde redacta follas publicitarias dos libros que se editan. Participa na Semana Cultural Galega que se desenvolve no Porto do 30 de marzo ao 6 de abril de 1935 e comeza a escribir nas páxinas de *El Pueblo Gallego*; igualmente envía colaboracións á revista *La Universitat Catalana* e ó xornal *La Publicitat*. No 1933 asume a dirección do semanario *A Nosa Terra*, voceiro do Partido Galeguista, ata que o substitúe Aquilino Iglesia Alvariño.

A súa sinatura convértese nunha constante no *Heraldo de Galicia* (Ourense), *Galicia e A Fouce* (Buenos Aires), *Guieiro* (publicación da Federación de Mocedades Galeguistas), *Ser* (semanario de esquerdas que tamén dirixiu durante un tempo), a revista *Alento* e, por suposto, na revista *Nós*, onde se responsabiliza de numerosas notas anónimas de información cultural e da recensión de libros. Ademáis, tamén colaborou estreitamente na organización xuvenil *Ultreya*, creada por Álvaro de las Casas coa vontade de aglutinar xente nova para espallar a cultura, a lingua e a realidade xeográfica e histórica de Galicia.

Por estes anos ingresa na Asociación Profesional da Facultade, pertencente á FUE, e asiste a algunhas clases do primeiro curso de Filosofía de Letras. Signifícase como representante do estudiantado na xunta de goberno da Universidade, participando en actividades reivindicativas, polo que lle foi instruído un expediente que non chegou a ter consecuencias para el pola solidariedade manifesta dos seus compañeiros. O seu compromiso como estudante da Universidade de Santiago de Compostela conduciu a implicarse na dirección da revista *Universitarios* e a propia FUE elíxelo para pronunciar o discurso de apertura do curso 1933-1934, no que avoga pola galeguización da universidade e a cooficialidade dos idiomas galego e castelán.

Tras licenciarse, accede directamente á docencia como profesor axudante dos tres cursos de Dereito Civil e imparte clases na cátedra de Civil Conxunto, alén de dirixir as prácticas de Dereito de Familia e Sucesorio.

Alén de todo isto, participa habitualmente nos actos políticos como membro do Partido Galeguista, actúa como secretario do galeguismo compostelán e asume a secretaría xeral da Federación de Mocedades, ó tempo que ostenta a secretaría técnica do Comité de Organización da Asemblea de Concellos, onde se redactaría o proxecto do Estatuto. Entre outras fronteiras nas que participa, cómpre cita-la súa actuación no Galeuzca (1935), para articular alianzas con outras forzas nacionalista, ou a xestación da Asociación de Escritores Galegos, colectivo creado para defender os intereses dos creadores.

Co traslado da vivenda familiar á barriada de Casas Baratas, preto do Sar, coñece a Evelina Hervella Nieto, con familia en Valdeorras e que cursaría a carreira de Farmacia. Ao pouco de coñecerse inician o seu noivado e, andado o tempo, casarán na terra dela.

O golpe de Estado e os primeiros anos da posguerra

Cando se produce o golpe de Estado en xullo de 1936, agóchase durante un tempo en diferentes casas ata que decide incorporarse ao exército sublevado como único modo de salvar a súa vida. Neses días, recibe un oficio do reitor da universidade no que se lle comunica o seu cesamento como profesor universitario e a inhabilitación para exercer a docencia en centros de ensino, alén de prohibírselle participar en actividades culturais. Ademáis, é sancionado polo Tribunal de Responsabilidades Políticas, sendo impedido para exercer cargos públicos e imponse unha multa de 3000 pesetas por ser dirixente da FUE, membro destacado

do Partido Galeguista e propagandista na campaña pro-Estatuto.

Pasa a guerra en diversos destinos e retorna a Compostela. Pero sabendo do perigo que corre, solicita a Valentín Paz Andrade para que lle procure algunha ocupación profesional en Vigo. Este só lle pode ofrecer unha colaboración na revista *Industrias Pesqueras*, cunha remuneración moi modesta. En Vigo vive nun cuarto alugado, humilde, pensando nun futuro sombrizo. Aínda inhabilitado para a docencia, comeza a ensinar literatura e filosofía no colexio Mezquita, evitando o emprego do segundo apelido para dificulta-la súa identificación. Na procura de certa estabilidade económica, colabora e, nalgúns casos, dirixe (anonimamente) publicacións tan variadas como a revista dos farmacéuticos de Vigo ou a publicación deportiva *Imán*, promovida pola imprenta Roel.

Por volta de cumprir un ano en Vigo, casa na Rúa de Valdeorras con Evelina Hervella e ó pouco tempo incorpórase como profesor no colexio Labor de Vigo. Tamén publica artigos na prensa local viguesa e noutras cabeceiras empregando o pseudónimo de Salvador Lorenzana, que alterna con outros como S. L., Cosme Barreiros, Alevín, Adrián Solovio, Ronsel ou Adrián Soutelo.

Cofunda en Vigo a academia Sigma para preparar ó alumnado para a reválida universitaria nas materias de letras. Ó tempo, traballa como traductor na revista *Industrias Pesqueras* e de redactor en *Industria Conservera*. Co falecemento do seu pai en 1945, decide traer á nai e ós irmáns máis novos á súa casa de Vigo.

Pasa os veráns nunha casa alugada de planta baixa á beira da praia en Coruxo, que se converte nun espazo de encontro dos galeguistas do exilio interior e exterior. Ao mesmo tempo, en Vigo frecuenta varios faladoiros, como os dos cafés Derby ou Suevia.

Na teima por conquistar un futuro distinto para Galicia, intenta reconstruí-lo

Partido Galeguista por volta do ano 1942. Nese proceso desempeña un papel relevante como ponte cos exiliados aglutinados no denominado Consello de Galiza.

Foi detido xunto con outras persoas, acusado de presidir a Unión de Intelectuales Libres (UIL), organización na que refusara participar. E aínda que rexeita as falsas imputacións, en 1947 permanecerá recluído e incomunicado ao longo de dúas semanas no cárcere da rúa do Príncipe.

En 1949 publica o seu primeiro libro, *Cos ollos do noso esprito*, editado pola Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires. Ademais, coordina as emisións en lingua galega da BBC de Londres e comeza a colaborar no xornal compostelán *La Noche*, no que realizará xunto Xaime Isla Couto un suplemento de carácter cultural, que se converte nun referente para a recuperación cultural malia a súa curta duración, pois foi pechado, por decisión gubernativa, o 25 de xaneiro de 1950 tras un número adicado á memoria de Castelao.

O nacemento de Galaxia

Pouco despois, tamén con Isla Couto, constituír unha sociedade anónima coa denominación de Galaxia S.A., que em pouco tempo recibe numerosas adhesións e subscricións, tanto de Galicia como de América. Na asemblea constituínte, celebrada en xullo de 1950 en Santiago, é elixido secretario da xunta directiva presidida por Ramón Otero Pedrayo.

Con Ramón Piñeiro, recién saído do cárcere, comeza a traballar no primeiro número da chamada Colección Grial. Os cadernos padecerían a censura da época e tras só catro entregas decretouse o cesamento da colección. Malia iso, nada desalentaba a Del Riego: pasaba á máquina os textos, dirixía na imprenta a diagramación, a composición e mais o axuste axeitado das páxinas; corruxía as probas de imprenta -onde cumpría un

papel fundamental no establecemento do galego denominado “protoestándar”, vixente dos anos cincuenta ata a aprobación das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego do ano 1982- ou facía os paquetes que el mesmo depositaba no correo.

Desde 1963 ata 1988 codirixiu con Ramón Piñeiro a revista trimestral *Grial. Revista Galega de Cultura*, que segue a publicarse aínda hoxe. E a todo este labor sumóuselle a confección de manuais divulgativos que se ocupaban de diferentes eidos da nosa cultura, de onde saíu en 1951, a súa *Historia de la Literatura Gallega*, que anos despois se traduciría ao galego e se convertería nun libro referencial e de consulta durante moitos anos. Tamén supervisa a impresión, e realiza algunha colaboración informativa de tema pesqueiro na *Revista de Economía de Galicia* (1958-1968).

Tamén en 1963 participou na fundación, na clandestinidade, do denominado Partido Socialista Galego, e desenvolveu un papel fundamental na creación e dirección da Biblioteca Penzol, que posteriormente pasaría a chamarse Casa Galega da Cultura. Este centro acollería despois os fondos da Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego, que el mesmo cedeu á cidade de Vigo, xunto coa súa valiosa pinacoteca: unha cesión que incluía trinta mil volumes, alén dun arquivo único de documentos contemporáneos entre os que salienta o seu arquivo epistolar. Del Riego estivo á fronte dela, sen retribución económica, desde 1963 até pouco tempo antes do seu falecemento, sendo o seu traballo un exemplo modélico de entrega e xenerosidade.

O seu papel na vinculación entre o universo do exilio franquista e a Galicia do interior foi clave. En Arxentina publicou o seu primeiro libro e outros como *Danzas populares gallegas* (1950) ou *Galicia no espello* (1954). Ó mesmo tempo, escribe con regularidade nas revistas *Galicia* (órgano do Centro Gallego de Buenos

Aires) , e *Galicia Emigrante*; prepara a edición da *Obra completa de Ramón Cabanillas* (1959) e unha escolma dos traballos xornalísticos de Antón Villar Ponte que se publicaron en 1971 baixo o título de *Pensamento e sementeira*.

Á volta dunha viaxe a Buenos Aires en 1954, prodúcese a súa segunda detención. Agardábano no porto de Vigo o cónsul do Uruguai, Muñoz Moratorio, varios amigos e un grupo de gaiteiros. Despois da benvida decidiuse celebrar un xantar nun restaurante das aforas. O gobernador civil acabou sancionando o dono do local por carecer da autorización preceptiva para organiza-lo xantar, ao seren máis de tres comensais. Pasados algúns meses, logo de que os xornais da emigración criticaran aquela sanción, o gobernador culpouno desas reaccións e foi detido na súa casa de Vigo. Foi trasladado a Pontevedra e, tras un interrogatorio, ingresado no cárcere da Parada, onde era o único preso político. Ao inhibirse o tribunal militar que o ía xulgar, pasou a mans da maxistratura civil, que decidiu decretar a súa liberdade sen cargos.

Tras esta experiencia, segundo as súas propias palabras, renuncia ó cargo de secretario e conselleiro do Consello de Administración de Galaxia para non comprometer as súas funcións, aínda que seguiu comprometido con diversos traballos na editorial, da que despois pasou a ser xerente. Pasado certo tempo, retomaría a angueira editorial nun posto de nova creación como era o de xerente. Recentes investigacións da biógrafa Malores Villanueva indican que a renuncia se produciría tres anos antes, concretamente en 1951.

Incorpora ao catálogo da editorial Galaxia obras de Cunqueiro e cobre lagoas de carácter divulgativo como testemuñan os volumes III (*os contemporáneos*) e IV (*o século XIX*) da serie *Escolma de poesía galega* (1955 e 1957), textos compilatorios que terían continuidade anos despois con *Poesía galega: do dezanove aos continuadores* (1976) e *Poesía galega: do*

posmodernismo aos novos (1980), alén do *Vocabulario gallego-castellano* (1979). Cómpre non esquecer igualmente o labor de antólogo recollido no volume *Vicente Risco. Escolma de textos* (1981) ou na escolma, en dous volumes, do *Pensamento galeguista do XIX e do XX* (1983).

O 4 de abril de 1948 foi elixido como membro correspondente da Real Academia Galega (RAG), e nomeado membro numerario por maioría o 22 de maio de 1960. O 26 de novembro dese mesmo ano ingresa na institución dando lectura ao discurso titulado *Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores*, que foi respondido, en nome da institución, por Ricardo Carvalho Calero.

Unha das iniciativas de indiscutible proxección que presentou, co apoio dos tamén académicos Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo, foi a celebración do Día das Letras Galegas.

Presidiu a RAG desde novembro de 1997 ata novembro de 2001, coa intención confesada de modernizar o espírito da institución, alentando a académicos electos a que ingresasen nela dando lectura aos seus discursos (así aconteceu con Xaime Isla, Andrés Fernández-Albalat, Xosé Luís Franco Grande, Ramón Lorenzo ou Antón Santamarina). Ademais estimulou e apoiou a incorporación á entidade doutras voces como Xohana Torres, Xosé Neira Vilas ou Xosé Luís Méndez Ferrín. Entre outros obxectivos, responsabilizouse de reformar os estatutos e introduciu diversas novidades, como a supresión do mandato vitalicio do presidente e da Comisión Executiva.

En 1974 publica un libro moi querido por el, *Letras do noso tempo*, e en 1978, *Antolín Faraldo. Un precursor*, base do que anos despois se convertería no volume *Antolín Faraldo. O gran soñador* (1988). No ano 1978 publica tamén a súa primeira tradución en forma de libro: *Grandeza e decadencia do reino de Galicia*, do exiliado Emilio González López, e preséntase como candidato polo Partido

Socialista Galego na Candidatura Democrática Galega ao Senado.

Un traballador incansable ata os últimos anos da vida

Nos anos sesenta e setenta colabora asiduamente *Faro de Vigo*, sobre todo na época en que o dirixiu Álvaro Cunqueiro. E a partir dos anos oitenta escribe con frecuencia nas páxinas literarias e de opinión de *La Voz de Galicia*, diario no que colaborará ata poucos meses antes do seu falecemento.

En 1979 recolle o Pedrón de Ouro e tamén asina, con outras sesenta e seis persoas, un manifesto que aglutinaría diversas tendencias políticas baseado na defensa da personalidade de Galicia e o respecto aos seus valores históricos baixo a denominación de Realidade Galega.

En 1981 prepara, para o Día das Letras Galegas, a pedimento da Real Academia Galega, o libro divulgativo *Vicente Risco. Escolma de textos*. Un ano despois recibe o premio vitalicio da Fundación Barrié de la Maza na illa da Toxa e en 1983 publica *Ánxel Casal e o libro gallego*, outra monografía substancial e pioneira sobre o propietario da Editorial Nós e alcalde asasinado de Santiago de Compostela. En 1985 concédeselle a Medalla Castelao da Xunta de Galicia, ano no que publica un adiamento da súa novela *O cego de Pumardedón* na revista *Grial* (nº 87) que finalmente verá a luz en 1992.

O concello de Vigo outórgalle o 24 de febreiro de 1988 a Medalla de Ouro da cidade. Ese ano recibe tamén o premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo, alén de publicar *O señor da Casa Grande de Cima de Vila*, onde ofrece unha visión persoal e documentada do autor de *Arredor de sí*.

Como reconecemento da cidade olívica, conta cunha praza co seu nome e unha escultura de Álvaro de la Veja (inaugurada o 15 de xullo de 2000); tamén en 1988 inaugúrase a rúa Fernández del

Riego en Vilanova de Lourenzá e, un ano despois, asistirá á colocación dunha placa na súa casa natal.

Foron multitude os recoñecementos recibidos nas décadas dos anos noventa e dous mil. Nestes tempos tamén publica ensaios sobre voces que protagonizaron o Día das Letras Galegas, numerosos volumes que recollen as súas relacións epistolares, e obras como o *Diccionario de escritores en lingua galega*, os libros de memorias *O río do tempo: unha historia vivida* (1990), *Camiño andado* (2003), volume *Galicia* (1994), no que recolle as súas experiencias viaxeiras converténdose nun percorrido histórico, social e cultural sobre o noso propio país ou *A xeración Galaxia* (1996), fundamental para coñecer, desde unha visión interna, a relevancia das tarefas levadas a cabo polas persoas que constituíron este grupo xeracional.

En outubro de 2002 recibe unha homenaxe por parte da corporación municipal de Nigrán, que o nomea fillo predilecto do concello organizando un acto cultural de recoñecemento e a descuberta dunha placa no areal de Lourido, polo que tantas veces paseara. Uns meses antes, concretamente o día 8 de marzo, a Fundación Premios da Crítica Galicia réndelle unha magna homenaxe e máis adiante editará un coidado volume de autoría colectiva baixo o título de *Francisco Fernández del Riego*.

No ano 2007 falece a súa esposa. Nos anos finais da súa vida estivo ao coidado, entre outras persoas, de Nancy, Lolita -viúva do seu irmán Joaquín- e mais Enrique Méndez. Asemade, é de destacar o acompañamento e coidado que lle dispensou nos seus derradeiros anos a docente e escritora Malores Villanueva. A súa casa estaba aberta para recibir visitas de amigos, entre os que se contaba Francisco Domínguez, con quen despachaba semanalmente sobre asuntos relacionados coa Biblioteca Penzol.

O 7 de xaneiro de 2010, día do seu aniversario, un grupo de amigos e amigas

fai unha solta de 97 pombas ao pé da súa casa. Uns meses máis tarde, o 23 de novembro de 2010, falece no seu domicilio da cidade de Vigo. Os seus restos foron incinerados na máis estrita intimidade familiar e as súas cinzas depositáronse no cemiterio de San Pedro da Ramallosa (Nigrán), a carón das da súa dona Evelina Hervella.

Desde aquela data ata hoxe foron innumerables os recoñecementos e homenaxes que se lle tributaron. O Día das Letras Galegas 2023 incidirá neste xusto recoñecemento para alguén que traballou incansablemente polo noso país.

Ramón Nicolás

Académico correspondente

Texto extraído da páxina web da Real Academia Galega
(<https://academia.gal/letras-galegas/2023/francisco-fernandez-del-riego/biografia>)

Obra literaria

Francisco Fernández del Riego é autor dunha extensa obra. A súa sinatura está presente en máis de 150 monografías. Tamén traballou como prologuista, editor literario ou tradutor en case un cento de títulos e asinou máis de 4.000 colaboracións en publicacións periódicas.

A relación que se ofrece deseguido é unha escolma da súa produción e doutros títulos sobre a súa figura e o seu legado.

MONOGRAFÍAS

(1949). *Cos ollos do noso esprito*. Buenos Aires: Alborada.

(1950). *Danzas populares gallegas*. Buenos Aires: Ediciones Galicia.

(1951). *Historia de la literatura gallega*. Vigo: Galaxia.

(1954). *Galicia no espello*. Buenos Aires : Galicia.

(1955). *Escolma de poesía galega. IV, Os Contemporáneos*. Vigo: Galaxia.

(1957). *Escolma de poesía galega. III, O Século XIX*. Vigo: Galaxia.

(1973). *Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores*. A Coruña: Real Academia Galega.

(1974). *Letras do noso tempo*. Vigo: Galaxia.

(1976). *Do dezanove aos continuadores. Antoloxía de poesía galega*. Vigo: Galaxia.

(1978). *Antolín Faraldo: un precursor*. Vigo: Grafinsa.

(1979). *Vocabulario gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.

(1981). *Do posmodernismo aos novos*. Vigo: Galaxia.

(1981). *Vicente Risco : escolma de textos*. A Coruña : Real Academia Galega.

(1983). *Ánxel Casal e o libro galego*. Sada: Ediciós do Castro.

(1983). *Pensamento galeguista do século XX*. Vigo: Galaxia.

(1983). *As peregrinacións xacobeas*. Vigo: Galaxia.

(1988). *O señor da Casa Grande de Cima de Vila*. Trasalba (Ourense): Padroado Ramón Otero Pedrayo.

(1990). *Diccionario de escritores en lingua galega*. Sada: Ediciós do Castro.

(1990). *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada: Ediciós do Castro.

(1992). *O cego de Pumardedón*. Vigo: Ir indo.

(1993). *Eduardo Blanco Amor : escolma de textos*. A Coruña : Real Academia Galega.

(1994). *Galicia*. Vigo: Xerais.

(1996). *A xeración Galaxia*. Vigo: Galaxia.

(2000). *A pegada das viaxes*. Vigo: Ir indo.




(2000). *Portugal norteño*. Vigo: Caixanova.

(2001). *Con Pondal en Bergantiños*. Sada: Ediciós do Castro.

(2002). *O padre Sarmiento en Galicia*. Vigo: Galaxia.

(2003). *Camiño andado*. Vigo: Galaxia.

(2004). *Lourenzá*. Sada: Ediciós do Castro.



EPISTOLARIOS

Carballo Calero, R. (2006). *Epistolario a Francisco Fernández del Riego*. Edición de Dolores Vilavedra e Montserrat Pena. Vigo: Galaxia.



Vilavedra, D. (ed.). (2003). *Carta ao meu amigo: epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego: 1949 - 1961*. Limiar de Francisco Fernández del Riego. Vigo: Galaxia.

Rodríguez Lapa, M.; Vidal Figueroa, T. (ed.) (2001). *Cartas a Francisco Fernández del Riego sobre a cultura galega*. Manuel Rodríguez Lapa. Vigo: Galaxia.

OBRAS INÉDITAS

(2023). *Diario de guerra*. Vigo: Galaxia.

(2023). *Memorias do París literario*. Vigo: Galaxia.



EDICIÓNS PÓSTUMAS E REEDIÇÕES

(2023). *A xeración Galaxia*. Vigo: Galaxia.

(2023). *Camiño andando*. Vigo: Galaxia.


(2023). *Con Pondal en Bergantiños*. Vigo: Galaxia.

(2023). *Loitando pola Galicia que non foi. Artigos e conferencias. 1932-1936*. Vigo: Galaxia.

(2023). *Lourenzá*. Vigo: Galaxia.

(2023). *O río do tempo. Unha historia vivida*. Vigo: Galaxia.

(2023). *Compostela, póla florida*. Vigo: Galaxia.



Fonte: Real Academia Galega (<https://academia.gal/letras-galegas/2023/francisco-fernandez-del-riego/obra>)

Serafín Marcos será Francisco Fernández del Riego

Serafín Marcos, Licenciado polo Conservatorio Superior de Santiago de Compostela na especialidade de guitarra, ademáis de dirixir o Conservatorio Profesional de Noia, exerce, dende o ano 2003, una labor divulgativa dos homenaxeados nas Letras Galegas, teatralizando as súas vidas e obras.

Actualmente tamén se lle pode ver no entorno da Catedral de Santiago teatralizando, para a Editorial Galaxia, o libro *O enigma de Santiago* e na zona vella de Noia coas visitas teatralizadas basadas na historia de Vila.



Un ano máis, Serafín faranos rir á vez que coñecemos ao autor e a súa obra, nunha representación pensada para todos os públicos.



FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO “UN OPTIMISTA RADICAL”



Nesta representación, Serafín Marcos fai un percorrido ameno, didáctico e participativo pola vida e a obra do homenaxeado nas Letras Galegas 2023. Partindo do epistolario de Francisco Fernández del Riego con Carvalho Calero no cárcere de Xaén, descubriremos a un incansable loitador pola cultura galega.

Veremos ao activista universitario que loita pola galeguización da universidade, ao xove columnista de numerosos periódicos e revistas, nos que espalla a cultura e a lingua de Galicia.

Nin o golpe de estado, nin a guerra, nin a posguerra poden co loitador optimista. A obra achéganos ao estudoso, ao investigador de enerxía inagotable que pescuda e recolle na súa obra numerosos elementos culturais identitarios de Galicia.

Don Paco, como chamaban a Francisco Fernández del Riego, definíase como “un optimista radical” e así o descubriremos nesta representación.



Artigos de socios e amigos

De Complutum a Santiago. Historia do Camiño de Santiago Complutense

O Camiño de Santiago Complutense é un roteiro de peregrinación recuperado no ano 2009 pola “Asociación Amigos do Camiño Complutense” e a “Asociación Hijos y Amigos de Alcalá”. No 2022, a Asociación Galega Corredor do Henares e o Concello de Alcalá uníronse a estas asociacións co fin de facer unha posta en valor e reivindicar a historia do Camiño.

O roteiro parte da Catedral Maxistral dos Santos Mártires Xusto e Pastor de Alcalá de Henares, consta de 125 quilómetros, divididos en 5 etapas, e remata na poboación de La Granja (Segovia), onde enlaza co Camiño de Madrid, para continua-la peregrinación cara a Santiago de Compostela. A continuación detállase a historia deste camiño.

No ano 304, baixo a persecución de Diocleciano, tivo lugar o martirio dos santos Xusto e Pastor, o que supuxo o inicio dun culto que se estendería pola Península Ibérica, Europa e América. O lugar onde estes mártires foron sepultos, nos arredores da cidade romana de Complutum, foi a orixe da cidade medieval de Alcalá de Henares, ó constituírse como centro de culto cristián en torno ao que os da devandita fe querían vivir e recibir sepultura. De feito, Alcalá de Henares foi sede episcopal na época tardoantigua.

O culto ós nosos mártires pronto se estendeu, especialmente polo labor de San Fructuoso, fundador de diversos conventos no norte da Península. Por iso son moitas as localidades de diversas provincias (Burgos, Zamora, Asturias, Cantabria, Navarra, Huesca, Barcelona, Pontevedra, Badaxoz, Segovia, Valladolid, Barcelona, Valencia, Canarias, etc.), que os teñen

como patróns, xa que os seus bispos acudían aos concilios toledanos regularmente, onde quedaron rexistrados os seus nomes.

Ao longo da Idade Media, moita xente peregrinaba por diversas razóns aos lugares santos onde se conservaban as reliquias dos mártires; e Alcalá foi un dos máis importantes, dada a temperá expansión do culto aos Santos Nenos. En xeral, adoitaban ir de reliquia en reliquia, de santuario en santuario, para salvar a súa alma e as dos seus. A aparición do sepulcro de Santiago e o incremento do seu culto provocou un paulatino desprazamento das peregrinacións cara ó norte para adorar ao apóstolo e obter as indulxencias.

Así, desde o inicio, e especialmente a partires do século XII, coa conquista definitiva desta terra ós musulmáns, os peregrinos que viñan a Alcalá continuarían a Santiago empregando os antigos camiños, a meirande parte deles vías romanas aínda en uso que partían de Complutum e atravesaban a serra cara ao norte por Segovia.

Os poboadores da Complutum romana e das localidades próximas que compoñían a súa zona de influencia viron chegar ás súas rúas durante séculos, pola calzada Vía Viginti Quinque Hispanica (XXV), a recadadores de impostos, censores, hostes transeúntes de lexións e carros cargados de alimentos, especias, xoias ou sedosos téxtiles.

Con posterioridade, eses mesmos complutenses verían unha oportunidade de uso da calzada que unía Augusta Emerita (Mérida) e Caesaraugusta (Zaragoza), segundo os itinerarios

denominados Antoninos e ordenados documentar no século III d. C. polo emperador Caracalla (Marco Aurelio Severo Antonino), para realizar peregrinaxes e para levar a cabo a difusión do culto ós Santos Nenos. Neste punto da vía que unía os ríos Henares e Jalón nacía unha bifurcación que comunicaba directamente con Asturica Augusta (Astorga), Lucus Augusti (Lugo) e Assegonia (Santiago de Compostela).

O pequeno desvío a Camarma de Esteruelas queda amplamente xustificado pola necesidade de visitar a igrexa de San Pedro, como acontece en moitos lugares do Camiño Francés, da Prata, do Norte, etc., onde eran e son habituais os desvíos a igrexas ou mosteiros significativos.

O paso por Torrelaguna débese ao Cardenal Cisneros, San Isidro e Santa María da Cabeza e supón unha pequena homenaxe a tan importantes personaxes da nosa historia e a nosa fe.

*ASOCIACIÓN GALEGA CORREDOR DO HENARES
ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO COMPLUTENSE*



Lembranza da Infancia

Pretas névoas, de augas cheas, escuridade

*As tres da tarde dun agosto sofocante,
asfixiante e aire axitado*

Ao lonxe a silueta da igrexa

As tres da tarde, una xunta de bois

O asobío dun carro

Medouco na leira e feixes no carro

*Feixes de centeo e sobre eles un neno e a
sua mae, famintos.*

Neno chorando

As tres da tarde

*Un páxaro voando, árbores, un regato, un
regueiro escousado, amieiros*

Silencio, sós no camiño

*caminho poeirento, fame, cansancio,
sombros donte,*

esperanzas de non se sabe.

As tres da tarde

*A penas se ouvía o ritmo canso, tranquilo,
suave e cadencioso da auga*

*Un neno de loiros cabelos arremuiñados
esgotado*

O son do merlo e o cantar dun grilo.

*Silencio, paxarinhos, silencio, silencio, a
todos prego*

Deixai que o menino durma.

*A Mae olhando-o entoava unha canción de
berce.*

Silencio, que o meu neno dorme

Silencio , que dorme o meu neno.

Ango.



Fonte: Xunta de Galicia

https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/consulta/resultados_ocr.do?posicion=24&tipoResultados=BIB&id=10638&forma=ficha



Obradoiro de cociña

O obradoiro

Do 10 ó 15 de outubro de 2002 desenrolouse na Asociación Galega Corredor do Henares un obradoiro de cociña galega, organizado pola Xunta de Galicia e dirixido polo mestre Damián Rey. O obradoiro, de 20 horas de duración, centrouse na elaboración de pratos galegos, tanto ó xeito tradicional como con toques creativos do mestre de cociña. O evento xuntou a un grupo heteroxéneo de 24 persoas de entre 19 e 79 anos (15 mulleres e 9 homes), todos eles amantes da gastronomía galega e cunha grande ilusión por aprender ou recupera-la cociña de pratos tradicionais.

Así, ó longo de catro xornadas, preparáronse desde mexillóns ata callos, pasando polo polbo, os grelos ou a pescada ó albariño con allada, que foi un dos pratos máis aclamados. E todo empregando produtos da mellor calidade, traídos expresamente desde Galicia á cidade complutense ou mercados directamente nos establecementos de Alcalá de Henares, o que permitiu a algúns alumnos acompañar ó mestre para aprender a elixir a mellor calidade.

Os procesos de preparación e os sabores resultantes trouxeron á memoria de moitos participantes o recordo de festas e romarías, xuntanzas familiares e outros encontros enxebres da súa terra natal. Por exemplo, Maribel sinala cómo “a zorza lévanos á matanza e a reunións familiares nos fríos e chuviosos invernos da nosa amada Galicia”.

Alén dos pratos salgados, cociñáronse tamén postres tradicionais galegos, como o leite frito, a bica de Laza, o arroz con leite, as filloas ou a tarta de Santiago, ó xeito persoal de Damián. Estas

exquisiteces conseguiron adoazar aínda máis o bo ambiente que se disfrutou durante todo o obradoiro.

A culminación do obradoiro tivo lugar o sábado 15 de outubro cunha xornada gastronómica celebrada nas instalacións da Asociación, onde os alumnos puxeron en práctica os coñecementos aprendidos os días previos e organizaron un menú que se serviu ós membros da asociación que alí se xuntaron.

As impresións posteriores de alumnos e mestre permiten constatar o grande éxito do obradoiro, do que todos coincidiron en ensalzar tanto a experiencia do goce da riqueza e a diversidade da cultura culinaria galega como a atmósfera de camaradería que se viviu durante eses días.

E é que, efectivamente, o obradoiro propiciou un ambiente familiar e unha convivencia harmoniosa e enriquecedora, que permitiu estreitar lazos entre os participantes, forxar novas amizades, compartir coñecementos e disfrutar do “facer xuntos”. Este foi un dos aspectos mellor valorados polos asistentes. Tamén a boa sintonía xerada entre alumnos e mestre, ó que algúns describiron coma un verdadeiro terremoto da cociña, divertido e extrovertido, capaz de transmitir-la súa paixón pola gastronomía e pola materia prima galega a tódolos presentes. En definitiva, unha magnífica experiencia de camaradería e traballo en equipo que deixon en todos un excelente sabor de boca, por partida dobre. Tanto, que todos están desexando que se repita a experiencia.

Sobre Damián Rey Cernadas

É mestre do CEIP Manuel Antonio de Vigo y atesoura unha ampla experiencia no mundo gastronómico, ó que se dedica profesionalmente desde fai casi dúas décadas.

Damián procede dunha familia de tradición hosteleira. Cóntanos que os seus comezos desenroláronse facendo obradoiros para nenos de almozos saudables na súa vila, Vilagarcía de Arousa e atribúe a súa paixón pola cociña ó seu avó Valentín. Grande entusiasta da gastronomía galega e dos seus produtos de primeira calidade, sinala que disfruta especialmente transmitindo a gastronomía galega nos obradoiros que organiza la Consellería de Emigración.

Do mesmo xeito que fixeron os alumnos, Damián amosouse moi satisfeito co obradoiro, cumpridos os seus obxectivos. Confesa disfrutar grandemente destes cursos e agradece a implicación dos seus alumnos, dos que aprende constantemente. Neste caso, por exemplo, sinalou a súa admiración hacia as filloas de Dora ou a habilidade no arte do afiado de coitelos de Rogelio, quen ademáis, amenizou a xornada gastronómica cunha marabillosa Queimada.

ASOCIACIÓN GALEGA CORREDOR DO HENARES



Receitas

A merluza de Damián



Ingredientes:

- Aceite
- Viño branco
- 3 dentes de allo
- 1 anaco de cebola
- 1 folla de loureiro
- 1 culler de pemento picante
- 1 chisco de pemento doce
- 1 pescada

Elaboración:

Allada:

1. Nun cazo con aceite ao lume engádense os dentes de allo enteiros ou cortados á metade, un anaco de cebola e o loureiro.
2. Déixase rehogar ata que tomen un pouco de cor, bótase o viño branco, déixase reducir un pouco e sepárase do lume.
3. Cando arrefría un pouco engádense o pemento doce e picante.
4. Déixase repousar, cóase e introdúcese nun biberón.

Merluza:

1. Se desespina a pescada e córtase en lombos de ración. Se sazona.
2. Se escaldan grelos en auga fervendo con sal. Se reserva.
3. Nunha tixola, ponse ao lume a auga ou fondo reducido e o viño branco. Cubrindo máis ou menos a metade dos lombos de pescada.
4. Tápase moi ben e cando ferva báixase o lume ao mínimo, introdúcese a pescada, tápase e cócese 3 minutos a partir de que volva ferver.
5. Se os grelos están fríos pódese volver a escaldar na tixola coa auga de cocer a pescada.
6. Sérvese a pescada acompañada de puré de pataca e grelos, botando no centro do prato o puré de pataca, encima os grelos e, encima destes, a pescada. Saltear coa allada.

As filloas de Dora



Ingredientes:

- 4 ovos
- 500 ml leite enteiro
- 100ml auga
- Un chisco de sal
- 200 g de fariña normal (tamizada)

Elaboración:

1. Póñense os 4 ovos nun bol e bátense ben.
2. Engádense o leite, a auga e o sal e mestúrase ben.
3. Incorpórase a fariña tamizada e bátese ata obter mestura homoxénea e suave, sen grumos (se queda algún grumo, pódese coar e pasar a outro bol).
4. Déixase repousar 2 horas, a temperatura ambiente, tapando o bol cun prato.
5. Se está moi espeso, pódese botar un pouco de auga ou de leite.
6. Cóllese unha tixola nova ou en bo estado para evitar que se peguen as filloas.
7. Nun cacito se derrite un anaco de manteiga ao baño maría e, cun anaco de touciño gordo, se unta a tixola coa manteiga (tamén se pode facer cun pincel).
8. Nunha cociña de indución, poñeríase o lume a 7 ou 8 (de 10), mellor ao 7.
9. Cando a tixola estea quente bótase a filloa, movendo a tixola para que cubra todo o fondo. A cantidade para botar depende do espesor que se queira conseguir e do tamaño da tixola.
10. Cando se separa polo bordo, dáselle a volta e enseguida bótase a un prato con azucre.
11. Algunhas persoas envólvenas e bótanlle un pouco de mel.

Obituario

Este año nos ha tocado despedir al que fuera Presidente de la Asociación Galega Corredor do Henares durante los años 2004 a 2008 y con el que hemos colaborado estrechamente en este último año en el reconocimiento del Camino de Santiago Complutense.

Os transmitimos el agradecimiento de su familia por las muestras de afecto recibidas y os dejamos el testimonio de un gran amigo suyo y de nuestra Asociación.

Asimismo, acompañamos en el sentimiento a todas aquellas familias que hayan perdido a alguno de sus seres queridos este año.

Emilio Pacios, el Gallego Universal



Hace ya unos meses que nos dejó Emilio Pacios y todavía no nos hacemos a la idea. La Asociación Gallega del Corredor del Henares ha querido hacer hincapié en su memoria y en su persona y me han invitado por suerte a escribir unas letras, principalmente sobre su forma de ser. Esta asociación es una maravilla, siempre están organizando actos y siempre con un espíritu positivo, de verdad integrador y que recoge fielmente el espíritu abierto, asociativo y cultural de nuestro gallego universal. En sus últimos días, a finales del pasado año, Emilio nos dio una lección más de cómo afrontar un nuevo reto que había quedado diluido con la pandemia y dedicó sus últimas horas organizando varias reuniones en las que participaban la propia Asociación Gallega, la Asociación de Amigos del Camino de Santiago Complutense -de la que siempre será presidente honorífico-, la Asociación de Hijos y Amigos de Alcalá y el Ayuntamiento de Alcalá. Un tiempo antes ya había cerrado con la concejala de Cultura y Turismo, María Aranguren, el regreso del ciclo de Conferencias del Camino de Santiago Complutense. Y en este contexto Emilio nos puso a todos de acuerdo, como siempre hizo en la vida, para celebrar probablemente el ciclo de Conferencias del Camino de Santiago más seguido en España en los últimos años. El resultado fue un lleno total en los cinco maravillosos miércoles que se vivieron en el salón de actos del Antiguo Hospital de Santa María La Rica.

Los conferenciantes y los músicos de Vagalume y Pliego de Cordel dieron lo mejor de ellos y el público, dónde se encontraban las hijas de Emilio, disfrutó de lo lindo de una actividad cultural a la altura de lo que Emilio Pacios proyectó, para que la vuelta del ciclo de conferencias fuera un éxito. Lo consiguió. Una vez más.

El pasado año se cumplió el trigésimo aniversario de la fundación de Diario de Alcalá, el periódico que nos unió durante una década realizando proyectos de todo tipo. Tuve la suerte y la compañía de Emilio. Posteriormente cuando ingresé para llevar la comunicación de la Fundación Colegio del Rey también tuve la suerte y el honor de contar con él y con su extraordinaria Monchi, su compañera de vida, para fomentar aquello que



llamamos el impulso cultural de Alcalá. Tertulias y encuentros entre amigos fomentando el teatro, promocionando Clásicos en Alcalá y viendo como Alcalá crecía culturalmente. Emilio y yo éramos dos enamorados de esta gran Ciudad. Dos idealistas que una y otra vez proponíamos ideas para llevar a cabo. Y mientras eso ocurría yo aprendía de él y de su espíritu conciliador. Fue una gran persona que tenía una gran dimensión cultural y universal. Siempre he admirado y he seguido a todos aquellos personajes que han contribuido en el engrandecimiento de la ciudad de Alcalá al margen de sus raíces. Es más, el argumento de ser más alcalaíno o ser más complutense, simplemente por tener varias generaciones anteriores en la ciudad, no me lo he tomado nunca en serio para valorar la intensidad o el cariño hacia el mundo que te rodea. Alcalá es grande, fundamentalmente por las personas que la han hecho grande. Emilio ha sido toda su larga vida honesto, conciliador y tenaz. Y cada uno de los proyectos que ha ideado han sido siempre producto del acuerdo, del consenso y de la colaboración. Él era una persona muy abierta; su cultura le permitía conocer que los proyectos y las vidas salían mucho más adelante con el entendimiento que con la controversia; eran más interesantes con el diálogo que con el enfrentamiento y eran mucho más provechosos con el cariño que con las disputas. Su profundo amor hacia su familia, hacia sus amigos y hacia el entorno que le rodeaba procedía de un gran corazón. Este gallego universal sabía que sólo desde estos cimientos se podría construir un gran edificio. En aquellas últimas reuniones siempre me habló de la energía que tenía la Asociación Gallega para rearmar el proyecto del Camino de Santiago Complutense, como años atrás lo hizo con las asociaciones polacas, del círculo catalán, de los Hijos y Amigos de Alcalá, del Diario de Alcalá o de la emisora de la Cadena Cope. Pero es que muchos años antes se había dedicado al protocolo de alto nivel en las bases americanas de Morón y de Torrejón de Ardoz.

La diplomacia y el saber estar le venían de lejos y también le venían de su enorme sensibilidad y de la capacidad de escuchar a todo el mundo. Emilio no se perdía ni un solo argumento para poder almacenar conocimiento. Era increíble, por eso disfruté tanto cuando hace algunos años llenó los noticiarios de toda España al convertirse en el alumno más veterano de la Universidad, ya rebasada la barrera de los noventa. Nunca lo vi enfadado y mira que había a veces con sólidos argumentos para hacerlo; ni un ápice de ira y por su puesto ni una mala contestación. Increíble, siempre encontraba una brizna de luz en plena oscuridad. Siempre encontraba el argumento para intentar comprender a los indefendibles.

El gallego universal fue una bendición para quienes pudimos compartir tiempo con él. Así que enhorabuena a todos los que lo hicieron porque seguramente sacaron paz, serenidad, entendimiento, solidaridad y muchas otras cosas.

Quiero agradecer a mis amigos de la Asociación Gallega el hecho de permitirme escribir estas breves líneas y agradecerles su forma de trabajar y la energía positiva que transmiten con su plena actividad. Después de haber desarrollado proyectos en esta ciudad durante más de 30 años me ha sido muy grato encontrarme con ellos.

Viva para siempre el recuerdo de Emilio Pacios para reivindicar una y mil veces que un buen corazón mueve hasta las estrellas. Muchas gracias.

Juan Andrés Alba Arenas
Concejalía de Turismo
Ayuntamiento de Alcalá de Henares

De Maio a Maio



**Excursión a
Sierra Francia**



**Xornada con
Serxio Cobos**



**Alcalá
Suená**

Año Xacobeo



**Romería
FAGAMA**



Semana das Letras Galegas 2022





San Xoán Saborea Galicia



Feiras de Alcalá e Festas en Honor a Nosa Señora do Val





Obradoiro Cociña



**Conecta co Xacobeo
e
Reencontros co Xacobeo**





Magosto



100 anos dunha galega residente en Alcalá



Reis Magos



O Camiño de Santiago Complutense







Entroido 2023



Encuentro literario







Revista patrocinada por:

